



TEXTOS: SUSANA PEDREIRA
REVISIÓN DE TEXTOS: ARIADNA MONTIEL E SANDRA SALCEDA
DESEÑO: SÍSMICA
EDITA: DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA
IMPRIME: COSMOS GRÁFICO

RESERVADOS TODOS OS DEREITOS. PROHIBIDA A REPRODUCCIÓN TOTAL OU PARCIAL DESTE CATÁLOGO, ASÍ COMO A SÚA TRANSMISIÓN POR CALQUERA MEDIO OU PROCEDEMENTO, EN CALQUERA FORMA, XA SEXA ELECTRÓNICO OU MECÁNICO, INCLUÍDAS AS FOTOCOPIAS, A GRAVACIÓN OU A INCORPORACIÓN A UN SISTEMA INFORMÁTICO DE ALMACENAMENTO E RECUPERACIÓN SEN A AUTORIZACIÓN POR ESCRITO DOS AUTORES.



CERTAMES DA CULTURA 2025



A cultura é un dos piares fundamentais sobre os que se constrúe unha sociedade máis libre, máis crítica e máis consciente de si mesma. A través destes premios, a área de Cultura da Deputación da Coruña quere recoñecer e poñer en valor o traballo de creadoras e creadores, investigadoras e investigadores, entidades e colectivos que contribúen a enriquecer o noso patrimonio cultural e a proxectar a nosa identidade cara ao futuro.

Os certames que se recollen neste catálogo son o reflexo dunha aposta pública sostida no tempo e en constante evolución. En cada obra premiada e finalista latexa non só o talento individual, senón tamén o compromiso coa lingua, coa memoria, coa innovación e coa capacidade da cultura para dialogar co presente e explorar novos camiños.



Este volume é moito máis ca unha recompilación: é unha fotografía colectiva dun momento creativo e unha xanela aberta a un ecosistema cultural que nace no territorio e se abre ao exterior.

Desde a Deputación reafirmamos o noso compromiso coa cultura como dereito da cidadanía e como ámbito estratéxico de desenvolvemento social, non só recoñecendo o talento, senón tamén acompañando e impulsando a súa creación e difusión.


Queremos trasladar o noso recoñecemento ás persoas participantes e o noso parabén ás premiadas e premiados. Este catálogo é tamén unha invitación a achegarse ás súas obras e traxectorias.

NATIVIDADE GONZÁLEZ

DEPUTADA PROVINCIAL DE CULTURA
DEPUTACIÓN DA CORUÑA



PREMIOS
LITERARIOS




PREMIO CASTELAO DE BANDA DESEÑADA

En 2005 naceu o Premio Castelao como mostra de recoñecemento á relevancia que ten o colectivo que traballa na creación en banda deseñada en Galicia, que é considerado o máis importante do panorama estatal. O primeiro gañador foi David Rubín, hoxe un referente internacional, coa obra *Onde ninguén pode chegar* e, desde entón, a Deputación da Coruña convoca o premio anualmente cunha dotación económica de 6.500 € e a colaboración coa persoa gañadora para a edición da obra.

Desde o ano 2012 o premio consta de dúas modalidades diferenciadas: Xeral para obras dirixidas a todo tipo de lectores, e Infantil e Xuvenil para obras dirixidas especificamente a ese público lector.

Nestas dúas décadas de traxectoria, o o Premio conta, entre as persoas premiadas, con grandes nomes da Banda Deseñada galega, nacional e internacional, como o propio David Rubín, Bea Lema con *O corpo de Cristo*, que posteriormente gañaría o Premio Nacional de Cómic, Alberto Vázquez con *A caza*, Begoña García-Alén con *Adeus amigos* ou Kiko da Silva con *O inferno do debuxante*.



XX PREMIO CASTELAO DE BANDA DESEÑADA

MODALIDADE
XERAL

Os gañadores do XX Premio Castelao de Banda Deseñada na modalidade xeral foron Manuel Barreiro e Elías Taño coa obra *Maré*.

Manuel Barreiro, guionista da obra premiada, é graduado en Comunicación Audiovisual cun Máster en Marketing, Consultoría e Comunicación política pola USC. Traballou como técnico audiovisual e fotógrafo para televisión e diferentes produtoras, como docente en Formación Profesional e, actualmente, na Universidade de Santiago de Compostela. É coautor e director da webserie *Canillejas*, que foi finalista nos Premios Mestre Mateo en 2013. Ademais, gañou tres Premios María Luz Morales de Ensaio sobre o audiovisual e colabora con medios galegos como *Luzes*, *Tempos Novos*, *Praza Pública* ou *Nós Diario*. Tamén é fundador e forma parte desde hai dez anos da organización do *Fun Fun Fun*, evento de autoedición e banda deseñada de Santiago de Compostela.

Elías Oliver Taño, ilustrador da obra premiada, é artista gráfico e estudou Gráfica Publicitaria, Deseño Gráfico e Ilustración. Comeza traballando en estudos de deseño e axencias de publicidade en Canarias, Barcelona e Valencia ata que no ano 2001 volve debuxar e comeza coa edición do fanzine *Arròs Negre* (Premio Mellor Fanzine no Salò del Còmic de Barcelona en 2014). Desde entón, participou en numerosos fanzines nacionais e internacionais, ademais de seguir editando material propio e doutros debuxantes. Forma parte do obradoiro de serigrafía e gravado que habita o espazo *Algrà en l'horta sud de València*, desde onde produce a súa obra gráfica neses técnicas. Ao mesmo tempo, expón só ou en colectivo, pinta murais en cidades de todo o mundo e organiza un festival de autoedición gráfica e sonora en Valencia.



1983
TENERIFE
SANTA CRUZ DE TENERIFE

**ELÍAS
TAÑO**



1972
FORCAREI
PONTEVEDRA

**MANUEL
BARREIRO**




MARÉ

A Banda Deseñada *Maré*, gañadora do Castelao na modalidade xeral, evoca o imaxinario da clase obreira e do mundo mariñeiro, ofrecendo unha narrativa visual profundamente coherente co relato que sustenta o proxecto. O xurado, composto para ambas modalidades do premio por Tomás Guerreiro García, Sara Prieto Puy, Pablo Prado e as gañadoras da anterior edición, Sandra Lodi e Laura Suárez, destaca a potencia e o impacto da súa proposta gráfica e o seu estilo singular.



DETALLE DE OBRA PREMIADA MARÉ DE MANUEL BARREIRO E ELÍAS TAÑO



XX PREMIO CASTELAO DE BANDA DESEÑADA

MODALIDADE
INFANTIL E XUVENIL


A gañadora do XX Premio Castelao de Banda Deseñada na modalidade infantil e xuvenil é **Giovanna Lopalco**, ilustradora italiana afincada na cidade da Coruña. Estudou animación 2D no Centro Sperimentale di Cinematografia en Turín (Italia) e especializouse en preproducción e arte conceptual. Desde o ano 2009 traballa como Background Artist para proxectos como Unicorn Wars, Sangre de Unicornio, Psiconautas, The Forgotten Children, entre outros. Season (2019) foi a súa primeira longametraxe coproducida con Insolence Production (Francia). Actualmente compaxina o seu traballo de background artist co seu grande interese na ilustración e a animación de autor.

NARICES!

A Banda Deseñada *Narices!*, gañadora do Castelao na modalidade infantil e xuvenil, propón unha experiencia de xogo que, ademais de entreter, amosa un gran potencial de futuro no eido da literatura xuvenil. O xurado salientou a orixinalidade do proxecto, o seu estilo fresco e persoal, así como o seu carácter dinámico e lúdico.

1982
MESAGNE
BRINDISI - ITALIA

GIOVANNA LOPALCO





DETALLE DE OBRA PREMIADA NARICES DE GIOVANNA LOPALCO



PREMIO MANUEL MURGUÍA DE ENSAIO

En 1998 nace o Premio Manuel Murguía de Ensaio, asumindo a relevancia decisiva e a especial significación que, no seu tempo, tivo a figura e a obra de Murguía como intelectual preocupado polo estudo, a dignificación e a difusión da cultura e da historia de Galicia.

Incentivar a investigación e a divulgación a través do xénero do ensaio é o obxectivo deste premio, que a partir do ano 2000 pasou a ter convocatoria bienal e está dotado con 6.500 € e a colaboración coa persoa premiada para a publicación da obra.

O primeiro galardoado foi Alfonso Gomis Rodríguez coa obra *La insurrección de Ferrol de 1872* e, desde entón, conta na súa nómina de gañadores con nomes como Diego Conde Gómez con *Canto val unha vaca? Da cuestión agraria á cuestión pecuaria en Galicia*, Blanca Paula Rodríguez Garabatos con *Catro exemplos da arte dexenerada galega fóra da España saudable*, Marcelino Agís Villaverde con *Historia do pensamento galego contemporáneo* ou Sabela Taboada González con *E fíxose nación. A idea de nación española: liberais vs absolutistas na prensa galega da Guerra da Independencia (1808-1814)*.



XV PREMIO MANUEL MURGUÍA DE ENSAIO

O gañador do XV Premio Manuel Murguía de Ensaio é **Xosé Manoel Núñez Seixas**, catedrático de Historia Contemporánea na Universidade de Santiago de Compostela. É director da revista *Studies on National Movements* (NISE, Antwerpen) e forma parte do consello asesor e de redacción de diversas revistas ibéricas e internacionais. As súas investigacións céntranse na historia comparada e transnacional dos nacionalismos e as identidades territoriais en Europa, os estudos migratorios, a historia cultural da guerra no século XX e a memoria das ditaduras. Entre as súas obras máis recentes cóntanse *Volver a Stalingrado. El frente del Este en la memoria europea*, *Imperios e danzas. As Españas plurais do franquismo* ou *Os inmigrantes marxinados. A identidade galega na Arxentina, 1780-1960*. Xa no ano 2002 gañara o Murguía como coautor da obra *As cartas do destino* con Raul Soutelo Vázquez na sexta convocatoria deste premio.

GALICIA E A DIVISIÓN AZUL

Un texto contemporáneo que aborda a División Azul e a súa repercusión posterior cun traballo de investigación e de arquivo notable. O xurado, formado por Montse Fajardo, Rebeca Baceiredo, Heitor Picallo, Xurxo Martínez e a gañadora da edición anterior, Blanca Paula Rodríguez, salientou que se trata dun ensaio moi ben documentado e con neutralidade na exposición do contido ata a reflexión e conclusión final. Ademais, puxo en valor a linguaxe e o estilo divulgativo e fluído, que facilita a lectura e os documentos, ilustracións, gráficos e fotografías incorporadas, que achegan moita información de interese, o mesmo que a notable bibliografía da que fai uso o autor e o uso coidadoso da lingua nunha obra de grande interese.

1966
OURENSE

XOSÉ MANOEL NÚÑEZ SEIXAS



Entre artilleros. —
 — Y tú sabes lo que es un «bunquer»?
 — ¡No voy a saberlo!. ¡Si soy de «Cu-
 ruña» que es puerto de mar! —

CARICATURA DO PERIÓDICO DE TRINCHEIRA DA DIVISIÓN AZUL
 ADICADO AOS CORUÑESES



GAITEIRO | ARQUIVO DE XOSÉ MANOEL NÚÑEZ



VOLUNTARIOS OURENSÁNS DA DIVISIÓN AZUL | PALACIO DE CORREOS DA CORUÑA | XULLO DE 1941 |
ARQUIVO DE XOSÉ MANOEL NÚÑEZ




PREMIO RAÍÑA LUPA DE LITERATURA INFANTIL E XUVENIL

En 1998 naceu o Premio Raíña Lupa de literatura infantil e xuvenil co obxectivo de fomentar a creatividade literaria dirixida ao mundo dos máis pequenos e de facer memoria desta personaxe de lenda vinculada ás terras de Compostela.

O primeiro gañador foi Agustín Fernández Paz coa obra *Cos pés no aire* e, desde entón, a Deputación da Coruña convoca o premio anualmente cunha dotación económica de 6.500 € e a colaboración coa persoa gañadora para a edición da obra.

Desde o ano 2024 o premio conta coa dobre modalidade de infantil e xuvenil, en resposta a unha demanda do propio sector editorial galego e das autoras e autores que escriben LIX en Galicia. Unha dobre modalidade que estrearon como gañadoras Rosa Aneiros e Érica Esmorís. Ademais, nos seus vinte anos de traxectoria, o Raíña Lupa premiou a nomes moi recoñecidos e queridos polo público máis novo como o propio Agustín Fernández Paz, Xosé A. Neira Cruz en dúas ocasións con *O armiño dorme* (2002) e *O enigma de Santiago* (2020), Andrea Maceiras con *Que se me pare o corazón se te esquezo*, Marcos Calveiro con *Centauros do norte*, Marilar Aleixandre con *A filla do Minotauro* ou Lois Pérez con *A Tribo do Mar*.



XIX PREMIO RAÍÑA LUPA DE LITERATURA INFANTIL E XUVENIL

MODALIDADE
INFANTIL

Antía Yáñez Rodríguez é enxeñeira de Camiños, Canles e Portos pola Universidade da Coruña, pero nunca exerceu. Actualmente xestiona unha academia en Cecebre (Cambre), o que lle permite estar en permanente contacto coa escritura, a súa verdadeira paixón. Para o público infantil e xuvenil publicou obras como *O misterio de Portomarín* (2016), *Be Water* (2019) ou *Plan de rescate* (2020). En narrativa para adultos escribiu a novela *Senlleiras* (2018, Premio Illa Nova) ou *O clan das barbies* (2024). No eido do xornalismo, cos seus artigos gañou os premios As Mulleres que Opinan Son Perigosas (2024) e Johan Carballeira (2022).

BRAGAKADABRA

A obra gañadora do XIX premio Raíña Lupa na modalidade infantil é unha narración fresca e chea de personalidade, unha historia sobre a capacidade de superación e empoderamento. O xurado, composto por Berta Dávila, Miguel Alonso Diz (representante da Asociación Galega do Libro Infantil e Xuvenil), Abel Tomé e as gañadoras do certame na anterior edición, Rosa Aneiros e Érica Esmorís, salientaron o humor, imaxinación, fantasía e tenrura con que a autora traballa a historia.




AS OVELLAS QUE INSPIRARON A NOVELA

1991
BURELA
LUGO

ANTÍA YÁÑEZ

FOTOGRAFÍAS DE PABLO GIMÉNEZ



PREMIO TORRENTE BALLESTER DE NARRATIVA

En 1989 naceu o Premio Torrente Ballester de Narrativa co ánimo de contribuír a acrecentar a calidade fabuladora e a creatividade que caracteriza as nosas escritoras e escritores, e coa vontade de homenaxear o ferrolán Gonzalo Torrente Ballester.

O primeiro gañador foi Pedro Crespo coa obra *La muerte en la boca* e, desde entón, a Deputación da Coruña convoca o premio anualmente cunha dotación económica de 15.000 € e a colaboración coa persoa gañadora para a edición da obra.

Desde o ano 2016 o premio conta coa dobre modalidade de galego e castelán e atesoura unha nómina de historias asinadas por grandes escritoras e escritores como Manuel Rivas con *Que me queres amor?*, Blanca Riestra con *Greta en su laberinto*, Ignacio Martínez de Pisón con *Nuevo plano de la ciudad secreta*, Eli Ríos con *Luns*, ou Víctor Freixanes con *A cidade dos Césares* en 1992, converténdose na primeira obra escrita en galego que gañou o Torrente Ballester de Narrativa.



XXXVII PREMIO TORRENTE BALLESTER

MODALIDADE
LINGUA GALEGA

O gañador do XXXVII Premio Torrente Ballester de narrativa en lingua galega é **José Montaña Louzao**, coñecido como **Estro Montaña**, pola novela *Non hai paz no paraíso*. É catedrático de Lingua Española e Literatura e realizou estudos de Dereito e Filosofía na Universidade de Santiago de Compostela. Foi membro do Consello de Redacción de Galicia literaria e do Faro das Letras e ten publicado artigos en medios de comunicación como La Voz de Galicia, Faro de Vigo ou Tempos Novos. Falamos dun autor cunha extensa traxectoria literaria que publicou, entre outras, as novelas *La última isla*, *As armas delicadas*, *Pancarta para Xulia* e *O tesouro de Catoira*, así como pezas de relato, crónica novelada, ensaio e libros de viaxe.

NON HAI PAZ NO PARAÍSO

A novela *Non hai paz no paraíso* ofrece un percorrido histórico pola sociedade galega da primeira metade do século XX, a través dunha serie de personaxes poliédricos que reflicten a complexidade política e social da época. O xurado do XXXVII Premio Torrente Ballester de narrativa en lingua galega, composto por Ismael Ramos, Lara Dopazo, Ana Varela, Manuel Esteban e Loli Rodríguez (gañadora da edición anterior), salienta o estilo coidado e o uso dunha linguaxe moi rica en matices.

1956
BETANZOS
A CORUÑA

ESTRO MONTAÑA



XXXVII PREMIO TORRENTE BALLESTER

MODALIDADE
LINGUA CASTELÁ





O gañador do XXXVII Premio Torrente Ballester de narrativa en lingua castelá é **Pablo Escudero Abenza** coa obra *Biblioteca familiar*. É licenciado en Física, coa especialidade en Física Fundamental, pola Universidade Complutense de Madrid. Profesor de Matemáticas, editor de libros de texto e estatístico do Estado (en excedencia). Despois de case vinte anos en Madrid, actualmente vive en Asturias coa súa muller e os seus dous fillos. Lector voraz e cinéfilo, soña con fundar unha editorial pequena e conta con máis de cincuenta premios literarios. É autor de catro libros de relatos, dúas novelas e unha obra de teatro, entre eles *Mil dolores pequeños* (Baile del Sol, 2016) e *Las medallas de mercurio* (Ed. Complutense, 2021). A súa última obra publicada é a novela negra *La habitación de las niñas* (Edaf, 2025), coa que gañou o Premio de Novela Negra Ciudad de Getafe. Actualmente escribe un libro infantil, moitos contos e está tomando notas para un proxecto de non ficción.

BIBLIOTECA FAMILIAR


A novela *Biblioteca familiar* é un libro mutante que se move entre a memoria, a invención, o ensaio e os contos enlazados. Unha historia de amor á literatura que inspira a lectura e a escritura, á vez que ofrece unha reflexión sobre moitos temas relacionados coa industria cultural. O xurado do XXXVII Premio Torrente Ballester de narrativa na modalidade en castelá, formado por Carmen G. Magdaleno, Raquel Delgado, David Uclés, Andrea Fernández Plata e José Antonio Bonet (gañador da edición anterior), destaca a honestidade do relato, o híbrido entre ficción e ensaio e a prosa limpa e fluída da obra.

1984
ORIHUELA
ALICANTE

PABLO ESCUDERO



**PREMIOS
ARTÍSTICOS**




CERTAME DE ARTE ISAAC DÍAZ PARDO

En 1988 nace o Certame de arte Isaac Díaz Pardo para potenciar a produción artística na provincia da Coruña e en homenaxe ao gran creador polifacético cuxo nome suxire a creatividade e a contemporaneidade de Galicia.

Desde o seu inicio, o certame actúa como plataforma de promoción para artistas contemporáneos, permitindo que creadores e creadoras emerxentes presenten o seu traballo ante un xurado especializado e obteñan visibilidade dentro do sistema artístico. Por outra banda, permite á Deputación continuar coa súa tradición de mecenado mediante a incorporación das obras premiadas á colección pública, enriquecendo así o patrimonio artístico da institución. Así, unha parte moi significativa das obras incorporadas á colección provincial nas últimas décadas procede precisamente deste tipo de convocatorias públicas. En 2017 introdúcese unha modificación relevante: establécese un premio único dotado con 6.500 €, ao que se suma unha partida de 25.000 € destinada á adquisición de obras.

Ao longo das súas diferentes edicións, o certame serviu como plataforma para artistas que posteriormente consolidaron a súa traxectoria dentro do panorama artístico galego, como Paco Pestana, Caxigueiro, Carolina Miraz, Carmen Sendón ou Emilia Salgueiro, que traballan con linguaxes contemporáneas como a instalación ou a escultura expandida.



XIX CERTAME DE ARTE ISAAC DÍAZ PARDO

A gañadora do XIX Certame de arte Isaac Díaz Pardo é a artista visual **Ana Gesto** coa súa obra *Intervalo 2024*. Gesto é licenciada en Belas Artes pola Universidade de Vigo. Formou parte do grupo de investigación Resistencia na Universidade de Vigo de 2008 a 2011. Artista poliédrica que deseñou ao longo da súa traxectoria profesional un universo simbólico de obxectos transmutados que flutúan entre estética, materia, son e emoción. Aínda que a súa produción artística está a medio camiño entre a *performance*, a vídeo-creación e a fotografía, a súa obra tende cara a linguaxe escultórica e a experimentación acústica como medio para reafirmar a súa identidade cultural e as súas raíces.

INTERVALO 2024

A obra gañadora do XIX Certame de arte Isaac Díaz Pardo é *Intervalo 2024*, unha proposta que resume as características esenciais na traxectoria da artista Ana Gesto. Por unha banda, o cotiá feminino, o espazo doméstico e o etnográfico, a través de obxectos cunha forte carga simbólica. Por outra banda, as referencias ao universo sonoro no traballo, nesta peza coas cordas e as caravillas da guitarra que aparecen en tensión sen chegar a producir sons. O xurado, integrado por Elena Bangueses Buceta, Xosé Manuel Buxán Bran, Anxela Caramés Sales, María Dolores Dopico Aneiros e Manuel Ignacio Martínez Antelo, salientou que se trata dunha pausa sonora convertida en obxecto, coma unha imaxe sonora e poética: un acorde imposible, detido no limiar do audíble, coma unha memoria que flota entre o visible e o que aínda está por acontecer.

1978

SANTIAGO DE COMPOSTELA
A CORUÑA

ANA GESTO

FOTOGRAFÍA DE AICI BOGA



DETALLE DE OBRA PREMIADA INTERVALO 2024 DE ANA GESTO



OBRA PREMIADA *INTERVALO* 2024 DE ANA GESTO



PREMIO INTERNACIONAL JESÚS NÚÑEZ DE ARTE GRÁFICA

En 2006 nace o Premio Internacional Jesús Núñez de arte gráfica en recoñecemento á ampla traxectoria do artista Jesús Núñez e na liña de apoio á creación que leva a cabo a Deputación da Coruña.

O obxectivo é incentivar o desenvolvemento da arte gráfica e poñer en valor o labor realizado pola Fundación Centro Internacional da Estampa Contemporánea de Betanzos fundada por Núñez. O primeiro gañador foi David de Almeida e, desde entón, convócase anualmente cunha dotación económica de 6.500 € e unha exposición na Fundación CIEC. Tamén se conceden ata dous accésits dotados cunha bolsa de matrícula nun módulo do Máster de Obra Gráfica impartido pola Fundación CIEC.

Algunhas das persoas gañadoras que forman parte da historia do Premio son Myriam Gesalaga Eizagirre, Wieslaw Haladaj, Federica Bau, David Calle Cañadell, Alejandra Lago Alexandre ou Luís Rosado.



XX PREMIO INTERNACIONAL JESÚS NÚÑEZ DE ARTE GRÁFICA

Dentro das diferentes liñas de abstracción xeométrica que a artista catalá desenvolveu nos últimos anos, destaca a súa produción a partir da investigación de ilustracións de libros de texto, en particular de publicacións educativas dedicadas a explicar a un público infantil cuestións científicas. Ademais de *Pensar un Paisaje*, entre as súas exposicións individuais máis recentes sobresaen *El pico, la Falda y el pie* (galería ABRA, Caracas 2024) *Más poético que pedagógico y practicable* (Galería F2, Madrid, Galería Ana Mas Projects, Barcelona, 2023). A súa obra tamén foi incluída en exposicións colectivas de espazos culturais públicos e privados de Barcelona, Valencia, A Coruña, Londres, Sao Paulo e Bos Aires. Recentemente publicou *Geo-gráficos* e *Montañas*, dous libros ilustrados editados por Zahori Books. As súas obras forman parte de importantes coleccións como as do Museo Nacional Centro de Arte Reina Sofía, o MACBA, o CEGAC ou o fondo da Fondation Comprime de París.

PENSAR UN PAISAJE

A obra gañadora do XX Premio Internacional Jesús Núñez de arte gráfica é unha litografía realizada por **Regina Giménez** a partir de cadernos de traballos manuais que reducen o coñecemento artístico a un pasatempo. Construcións á espera do intérprete que as saiba descifrar, formas xeométricas e non xeométricas que conforman paisaxes que tamén remiten á intención do debuxo científico, que descompón a natureza para amosar detalles que faciliten a identificación do que coñecemos. O xurado, formado por José Andrés Santiago Iglesias, José María Luna Aguilar, João Rosa Guerra Prates, Antonia Fraga Lombardero e María Rosario Sarmiento Escalona, salientou a frescura no uso da cor, combinando formas lúdicas e sinxelas, pero de alta complexidade conceptual e simbólica.

Os dous accésits, para bolsas de formación nun curso do Máster sobre obra gráfica, recaeron en Pawel Delekta, pola obra *Lapidarium III*, e Tomás Pariente, por *Stripsafter Richter. r XVIII*.

1966
BARCELONA


REGINA GIMÉNEZ



PROCESO DE CREACIÓN DA OBRA PREMIADA *PENSAR UN PAISAJE* DE REGINA GIMÉNEZ



OBRA PREMIADA *PENSAR UN PAISAJE* DE REGINA GIMÉNEZ



PREMIO JOSÉ GIL DE FILMES EN LINGUA GALEGA

En 2025 nace o I Premio José Gil de filmes en lingua galega tendo en conta a significación especial que, para a produción e a difusión de películas e obras audiovisuais, posúe a provincia da Coruña e coa finalidade de contribuír á memoria de personaxes singulares e representativos neste campo como foi José Gil, pioneiro na reportaxe fotográfica, o nacemento do cine ficcional e documental en Galicia, as primeiras produtoras e laboratorios cinematográficos, o cinema industrial e turístico, a lusofonía audiovisual, o cine educativo e científico, o cinema móbil, os noticiarios, a publicidade, o cinema da emigración, o arquivo fílmico e tantas outras achegas incuestionables do cineasta a prol da modernización de Galicia entre 1910 e 1935, representando sen dúbida o máis salientable pioneiro do cinema galego da nosa historia.


O novo premio ten unha dotación de 19.500 €, 6.500 € para cada un dos gañadores das tres categorías a concurso: guión de longametraxes de ficción en lingua galega, guión de longametraxes documentais en lingua galega e traxectoria ou iniciativa de especial relevancia no audiovisual galego.



I PREMIO JOSÉ GIL

MODALIDADE
GUIÓN DE LONGAMETRAXE
DE FICCIÓN EN LINGUA
GALEGA

A gañadora do I Premio José Gil na modalidade de guión de longametraxes de ficción en lingua galega é a guionista e actriz **Ángela Andrada**. Licenciada en Ciencias da Comunicación pola Universidade de Santiago de Compostela, completou os seus estudos de guión no Instituto de Cine de Madrid, onde produciu a súa primeira longametraxe. Conta con experiencia escribindo en diferentes formatos como webserie, televisión, ou ficción sonora. A súa traxectoria profesional como guionista e actriz tamén se estende ao cinema, o teatro e a formación. Como mostra, un dos seus últimos traballos, a curtametraxe *Adeus, Berta*, escrita e coprotagonizada por ela. Esta curta foi a base dunha longametraxe do mesmo nome, gañadora do Premio Julio Alejandro de guión, e que se atopa actualmente en fase de desenvolvemento.



MAMÁ BENIDORM

Unha historia íntima e poderosa sobre a relación entre unha nai e a súa filla adolescente, que transcende o eido familiar. O xurado, formado por Pepe Coira, Manuel Castelao Mexuto, Belí Martínez, María Yáñez Anllo e José Manuel Sande García, valorou a capacidade de Andrada para construír unha historia que, ao mesmo tempo, ofrece unha reflexión profunda sobre o papel das mulleres na sociedade contemporánea.

1989
A CORUÑA

ÁNGELA ANDRADA



I PREMIO JOSÉ GIL

MODALIDADE
GUIÓN DE LONGAMETRAXE
DOCUMENTAL EN LINGUA
GALEGA

O gañador do I Premio José Gil na modalidade de guión de longametraxe documental en lingua galega é o xornalista **Borja Casal Fraga**. Actualmente desenvolve proxectos audiovisuais despois de traballar e colaborar con medios como La Voz de Galicia, Revista Luzes ou Radio Coruña-Cadena SER. Tamén pasou por produtoras como Filmax, Undodez ou Voz Audiovisual, levando a cabo traballos de produción, desenvolvemento, guión e dirección. Ten participado en programas como *Cos pés na terra* ou *Historias de aquí* e codirixiu *Recollendo músicas* (Mellor Programa nos Mestre Mateo 2025). Neste 2026 está prevista a estrea do programa *Palmira Lará*, un prime time que dirixiu arredor da música tradicional para a Televisión de Galicia.

TODO PODE ESPERAR

Un traballo baseado na vida e a traxectoria do músico e mestre retirado do instituto coruñés Agra do Orzán, César Morán (Toural dos Vaos, 1954). Trátase dunha longametraxe de 80 minutos que narra a historia de amor de Morán pola música ao longo de toda unha vida. Entre as moitas voces que tecen a historia atópanse as de Xurxo Souto, Quico Cadaval, Carolina Rubirosa, Claudio Rodríguez Fer ou Manuel Rivas. O xurado salienta a madurez narrativa e a sensibilidade coa que aborda o percorrido vital da súa personaxe protagonista, conectando a súa historia persoal coa memoria colectiva e cultural da Galicia das últimas décadas, especialmente no eido musical.



PRESENTACIÓN DO DOCUMENTAL **TODO PODE ESPERAR** NO CENTRO ÁGORA DE A CORUÑA

1996
A CORUÑA

BORJA CASAL

FOTOGRAFÍA DE ELÍAS RODRÍGUEZ



I PREMIO JOSÉ GIL

MODALIDADE
DE TRAXECTORIA

Margarita Ledo Andiñón, cineasta, escritora sobre cinema e audiovisual, investigadora, animadora de proxectos como, por exemplo, abrir salas en Versión Orixinal para os filmes da diversidade que se concreta na cooperativa NUMAX, ou na recuperación da produtora Nós. O seu primeiro filme, *Santa Liberdade* (2004), e *Nación* (2020) forman parte da colección do Museo Reina Sofía. Na súa obra tamén sobresaen os filmes-memoria *Liste, pronunciado Lister* (2007), sobre a guerra civil e a represión en Galicia; *Cienfuegos 1913*, co que profunda na emigración das mulleres, tema de *A cicatriz branca* (2012) e até *Prefiro Condenarme* (2024), traendo á tona outra face da desigualdade a través do que o franquismo definiu como delitos propios das mulleres. Ledo Andiñón foi Premio Cineuropa, do Festival Europeo de Sevilla ou Mestre Mateo; festivais coma o de Douardenez (2012, Bretaña) ou DocumentaMadrid (2017) adicáronlle antoloxicas so o signo da utopía, a ollada en feminino e o devalo do século XX.


A TRAXECTORIA

O xurado do I Premio José Gil na modalidade de traxectoria ou iniciativa de especial relevancia valorou o compromiso firme e continuado de Margarita Ledo Andiñón co cinema en galego desde múltiples fronte: como creadora, como intelectual e como impulsora de iniciativas esenciais para a consolidación dun audiovisual galego forte e con identidade. A súa achega, ao longo de décadas, converteuna nunha figura central da cultura do país. Con cada iniciativa contribuíu a estabilizar a produción e acceso ao audiovisual en galego máis aló da creación dunha obra singular, avalada por múltiples recoñecementos.

1951
CASTRO DE REI
LUGO

MARGARITA LEDO

FOTOGRAFÍA DE XOSÉ CASTRO



PREMIO INTERNACIONAL LUIS KSADO DE CREACIÓN FOTGRÁFICA

En 1997 nace o Premio Internacional Luis Ksado de creación fotográfica coa finalidade de contribuír á conservación da memoria de personaxes tan representativas neste campo como foi Ksado.

Ademais, tendo en conta a significación especial que, para a difusión das artes da imaxe e, especialmente da fotografía, posúe, dende hai tempo a provincia da Coruña, a Deputación convoca anualmente este premio de creación fotográfica dotado con 6.500 €. O primeiro gañador foi Xosé Abad Vidal coa obra *Inmigrantes* e, desde entón, o premio reafirma cada ano o seu compromiso co apoio á creación e coa difusión de proxectos que contribúen a enriquecer o debate social desde a imaxe.

A nómina de gañadoras e gañadores conta con nomes de diferentes xeracións como Marcos Míguez, Bandia Ribeira, Vari Caramés ou Peter Marlow. Nos últimos anos, as propostas gañadoras, as mencións de honra e as series finalistas forman parte de exposicións itinerantes polos concellos da provincia e inclúense no catálogo oficial do certame.



XX PREMIO INTERNACIONAL LUIS KSADO DE CREACIÓN FOTOGRAFICA

O gañador do XIX Premio Luis Ksado de creación fotográfica é **Juan de la Quintana** coa serie titulada *I gotta change*. Graduado en Bioloxía pola Universidad Autónoma de Madrid, Máster en Fotografía Documental e Artística en TAI e, na actualidade, traballa como fotógrafo documental e editorial en Madrid. Apaixonado da arte e o proceso, o autor traballa exclusivamente con película, tanto en 35mm como en formato medio. Os seus proxectos exploran a soidade, a alienación, o paso do tempo e o desprazamento. Entre os seus logros destacan publicacións en Handbali e Harpo Magazine (2021), EMC Mag (2023), Array da plataforma de arte Canadiense Booooooom (plataforma onde tamén quedou como finalista nos 2023 Photo Awards) e na revista internacional EYESHOT (2024). Proximamente o seu traballo será publicado tamén pola plataforma ArtsinSquare no fotolibro 4x5.

I GOTTA CHANGE

Unha serie fotográfica que aborda con sensibilidade e rigor o tema da saúde mental. Afastándose da dramatización, aposta por escenas cotiás e iluminación natural, acentuando a sincronía entre a experiencia persoal e a aparente normalidade. O xurado, composto por figuras de referencia no ámbito da fotografía documental e artística, como o Premio Nacional de Fotografía Gervasio Sánchez; o comisario Alejandro Castellote; a fotoxornalista hispano-palestina Maysun Abu-Khdeir Granado; Mónica Torres, fotoxornalista de El País na Comunidade Valenciana; e Ana Surinyach, editora gráfica da revista 5W, salientou o carácter contemporáneo da proposta gañadora, que explora a vulnerabilidade das persoas retratadas e constrúe un discurso visual que outorga a mesma relevancia aos rostros que aos espazos que os rodean.

1998
MADRID

JUAN DE LA QUINTANA

FOTOGRAFÍA DE TELMO





MENCIÓN DE HONRA E FINALISTAS

Na deliberación final, o xurado acordou conceder unha mención de honra á serie *L'orta sud*, de Óscar Corral, fotoxornalista galego recentemente galardoado co Premio Ortega y Gasset 2025, que aborda os efectos da DANA a través dunha linguaxe visual sutil e simbólica, capaz de superar o enfoque puramente informativo habitual neste tipo de acontecementos.

Tamén se seleccionaron como finalistas as series *Metamorfosis*, *As leccións esquecidas*, *Sitio aparte do mundo* e *Entre el tiempo y el sabor, el mar, una memoria visual*, dos fotógrafos Carlos Folgoso, Raquel López, Stephane Lutier e Miguel Muñiz.







PREMIO LUIS SEOANE DE DISEÑO

En 2025 creouse o Premio Luis Seoane de deseño para homenaxear a figura dun creador total, visionario e pioneiro do deseño gráfico en Galicia, cuxa obra e legado é fundamental para entender a modernidade estética no noso país.

Ademais, o obxectivo da Deputación da Coruña é galardoar traxectorias consolidadas e que o premio sexa un referente e un espazo de encontro e recoñecemento para os e as profesionais do deseño en todas as súas disciplinas.

A convocatoria está destinada a persoas, colectivos ou entidades, dedicadas profesionalmente ao deseño, cunha traxectoria de máis de dez anos e cuxos traballos sexan relevantes nas especialidades do deseño gráfico e comunicación visual, deseño dixital, deseño de procesos de organización, deseño industrial e de produto, deseño de espazos e deseño de moda. O premio ten unha dotación económica de 6.500€.



I PREMIO LUIS SEOANE DE DESEÑO

O proxecto recoñecido co I Premio Luis Seoane de deseño é ***D-Due***, dirixido por **Charo Froján e Alfredo Olmedo**. A firma de moda leva máis de vinte anos mostrando as súas creacións por todo o mundo: nas semanas da moda de París, Milán, Madrid, Barcelona, Berlín ou Toquio, entre outras citas nas que estivo presente tempada tras tempada.

O xurado, formado por Cristina Varela, Raquel Boo, Óscar Otero, Dolores Dopico, e Carlos Bernárdez, salientou a capacidade de Froján e Olmedo para potenciar o deseño dunha maneira radical, en vínculo co territorio, os procesos artesanais e o contexto local, e a súa aposta por traballar no global desde o próximo, cunha proxección internacional desde o rural, en coincidencia coa maneira de entender o deseño que tiña Luis Seoane. A fidelidade ao legado herdado, ao valor do traballo cun enfoque ante todo artesanal, que se plasma en telas ilustradas a man e series personalizadas, son algúns dos sinais de identidade de *D-due*.

1960
RIANXO
A CORUÑA

D-DUE



**PREMIOS
SOCIAIS**



PREMIO BEGOÑA CAAMAÑO Á ACCIÓN CULTURAL POLA IGUALDADE DE XÉNERO

En 2017 créase o Premio Begoña Caamaño á acción cultural pola igualdade de xénero en memoria da xornalista, escritora, activista cultural e feminista galega Begoña Caamaño. Ademais, a finalidade da Deputación é recoñecer persoas e iniciativas culturais e artísticas que promoven socialmente a igualdade de xénero desde o pensamento feminista e desde o campo da cultura.

A primeira gañadora foi a Librería de Mulleres Lila de Liliith e no ano 2022 o premio medrou creando dúas modalidades cunha dotación económica de 6.500 € para cada unha: Traxectoria e Iniciativa. As persoas, colectivos, asociacións ou entidades candidatas, deberán ter a súa residencia ou sede social en Galicia, estar ligadas a proxectos que se desenvolvan ou relacionen coa promoción da igualdade de xénero e o pensamento feminista desde o campo da cultura e ter desenvolvido actividades culturais que impliquen o seu avance social desde o traballo artístico.

Algunhas das iniciativas e traxectorias premiadas na última década son a Asociación Observatorio da Mariña pola Igualdade, a Compañía de teatro A Panadaría, Luz Fandiño ou o Grupo de traballo Igualdade e Xénero ANPA do CEIP de Barouta.



IX PREMIO BEGOÑA CAAMAÑO Á ACCIÓN CULTURAL POLA IGUALDADE DE XÉNERO

MODALIDADE
INICIATIVA



FOTOGRAMA DE A OUTRA ESCENA DE MALA HERBA PRODUCCIÓN

A cooperativa xuvenil **Mala Herba Producións** é a gañadora do IX Premio Begoña Caamaño na modalidade de iniciativa, polo seu labor de formación e visibilización do talento feminino no sector audiovisual e a utilización da cultura como ferramenta de transformación social. O xurado, formado por Alexandre Garrido López, Beatriz Maceda, Carme Fernández Pérez-Sanjulián, Antares Pérez García-Zabarte e Alberte Mera, tivo especialmente en conta que a cuestión da igualdade de xénero e LGTBI sexa a base do seu traballo de xeito transversal e central, ademais da defensa dos dereitos sociais.

O Begoña Caamaño non é o primeiro premio, dos convocados pola Deputación da Coruña, que recibe a cooperativa xuvenil, galardoada tamén nos Luísa Villata a proxectos pola igualdade por *S.E.X. Moito máis que unha serie sobre sexualidade* (2018) e por *Altas luces* (2024).

2021
A CORUÑA

MALA HERBA PRODUCCIÓN



**IX PREMIO BEGOÑA
CAAMAÑO Á ACCIÓN
CULTURAL POLA IGUALDADE
DE XÉNERO**


MODALIDADE
TRAXECTORIA

A produtora creativa galega **Illa Bufarda** é a gañadora do IX Premio Begoña Caamaño na modalidade de traxectoria, pola súa produción audiovisual, que mestura o ensaio coa fotografía dende unha permanente e poliédrica ollada feminista. Neste caso, o xurado salientou o seu compromiso coa lingua e o rescate da memoria das mulleres galegas, das traballadoras e das creadoras, cuestións que se reflicten ao longo da súa obra.

O Begoña Caamaño non é o primeiro premio, dos convocados pola Deputación da Coruña, que recibe a produtora creativa, galardoada tamén nos Luísa Villata a proxectos pola igualdade por *A clase* (2024).

2012
SANTIAGO DE COMPOSTELA
A CORUÑA

ILLA BUFARDA



PREMIOS
MUSICAIS



CONCURSO FRAN PÉREZ NARF PARA GRUPOS E ARTISTAS MUSICAIS

En 2008 créase o Concurso Musical Deputación da Coruña, que pasa a denominarse a partir do ano 2017 Concurso Fran Pérez Narf para grupos e artistas musicais.

O obxectivo é difundir, apoiar e promocionar os grupos e artistas musicais das diferentes comarcas e localidades galegas, ademais de lembrar e difundir socialmente a figura e a obra do músico, compositor para espectáculos musicais e teatrais e dinamizador cultural que foi o cantante Fran Pérez Narf.

A convocatoria anual reparte un total de 7.500 € para tres proxectos musicais: 4.000 € para o primeiro, 2.000 € para o segundo e 1.500 € para o terceiro. Nas diferentes edicións, o premio Narf recaeu en bandas e artistas hoxe consolidadas en Galicia como Familia Caamagno, Bala ou Caldo.



XVII CONCURSO FRAN PÉREZ NARF PARA GRUPOS E ARTISTAS MÚSICAIS

Belém Tajés é cantante, compositora e especialista en musicoterapia. Comezou a súa andaina musical no eido da música tradicional, posteriormente pasou polo Conservatorio da Coruña e Carballo e varias escolas de música de Santiago e A Coruña. Formou parte de bandas como Vudú, Aliboria ou Luar na Lubre e en novembro de 2024 publicou o seu primeiro álbum de longa duración, *Amar o mar*, un traballo que mestura música tradicional galega e latinoamericana con toques de pop e electrónica.

A MÚSICA DE TAJES


As letras moi coidadas, unha aposta singular e con personalidade na instrumentación, ademais do risco á hora de facer ponte entre a música galega e latinoamericana, son as cuestións que salientou o xurado do XVII Concurso Fran Pérez Narf para conceder a Belém Tajés o primeiro premio.

O xurado, formado polo xornalista e músico Daniel Salgado, a músico Ugia Pedreira, o músico e divulgador Alberto Busto, a produtora Noa Díaz e o programador Tomi Legido, premiou a Belém Tajés nunha gala final na que Marián rematou como segunda clasificada e Vimbio, terceira.

1985
BOS AIRES
ARGENTINA

BELÉM TAJES

FOTOGRAFÍA DE NOELIA RODRÍGUEZ



PREMIO INTERNACIONAL ANDRÉS GAOS DE COMPOSICIÓN MUSICAL

En 1997 créase o Premio Internacional Andrés Gaos para acrecentar a gran tradición musical da provincia e do país coa finalidade de recoñecer o nome de tan insigne músico e compositor coruñés.

O primeiro gañador foi Xabier de Paz L.-Nóvoa coa obra *Das Ausencias II* e, desde entón, o galardón é convocado con carácter bienal en dúas modalidades: Orquestra e Ensemble, cunha dotación de 6.500 € cada unha.

Na actualidade, está consolidado como unha referencia no eido da creación musical contemporánea, recoñecendo a traxectoria e o talento de compositores e compositoras de proxección estatal e internacional como Eduardo Soutullo, Ramón Humet, Xavier Pagés i Corella ou José Luis Campana.



XVI PREMIO INTERNACIONAL ANDRÉS GAOS DE COMPOSICIÓN MUSICAL

O gañador do XVI Premio Andrés Gaos de composición musical na categoría Ensemble coa obra *Sonora* e tamén na categoría de Orquestra con *Fenda* é o compositor e director de orquestra **Aitor Vázquez Torres**. Estudou Composición no Real Conservatorio Superior de Música de Madrid (RCSMM), onde recibiu o Premio Flora Prieto-Jorcam de Composición, ao que lle seguiu o segundo premio no I Concurso de Jóvenes Compositores Andaluces.

Logo de completar os estudos en Composición, continuou a súa formación en Dirección de Orquestra na Kunst-Universität de Graz (Austria) e especializouse en dirección de música contemporánea en Suíza. Na actualidade, combina o seu labor como director cun regreso á composición, que lle valeu en 2025 o recoñecemento de Joven Talento de Jerez 2025.

SONORA E FENDA

Sonora é a obra gañadora do XVI Premio Andrés Gaos na categoría Ensemble e *Fenda* na categoría de Orquestra, dúas composicións do mesmo autor, dobremente gañador nesta edición, o compositor e director de orquestra Aitor Vázquez Torres.

Sonora é unha partitura sólida, cunha gran atención ao timbre e coherencia formal. O xurado, formado por César Aires Oliveira Melo Nunes Viana, José Manuel López López, María Domínguez, Haruna Takebe e Juan Antonio Cuéllar, salientou a exploración da voz a través do conxunto sonoro e a transformación constante dunha instrumentación delicada e coidada que mostra unha voz persoal e un dominio claro da orquestración.

Fenda resultou gañadora tras as xornadas de traballo no Pazo da Ópera da Coruña coa Orquestra Sinfónica de Galicia, nas que se interpretaron tres obras finalistas. O xurado valorou a coherencia formal, a claridade nos xestos e o coñecemento técnico da escritura orquestral.

1993
XEREZ DA FRONTEIRA
CÁDIZ

AITOR VÁZQUEZ



CONCURSO QUERO CANTAR DE MÚSICA INFANTIL E XUVENIL

En 2016 nace o Concurso Quero cantar de música infantil e xuvenil coa intención de promocionar e difundir o uso da lingua galega e a creatividade poética e musical das novas xeracións.

O concurso contempla dúas modalidades: infantil (ata 12 anos con presenza dunha persoa adulta) e xuvenil (de 13 a 16 anos), e pode participar calquera grupo ou solista que presente a maqueta dunha canción en galego, con letra e música orixinais e inéditas, que non fosen difundidas publicamente antes por ningún tipo de soporte nin canle.

En cada edición, os finalistas son seleccionados por un xurado composto por persoas vinculadas profesionalmente ao mundo da música e os gañadores son elixidos nunha gala final na que o xurado está integrado por nenos e nenas, mozos e mozas do mesmo abano de idade que as bandas e solistas seleccionadas.

Os premios para os proxectos gañadores en cada categoría consisten na gravación da maqueta en estudio profesional e dun videoclip da canción gañadora, ademais de material musical (instrumentos, equipamento...) e/ou produtos culturais en galego (libros, discos, cine, xogos..) por valor de 1.500 €. O premio para a categoría xuvenil complétase cun programa formativo.



**VIII CONCURSO
QUERO CANTAR DE MÚSICA
INFANTIL E XUVENIL**
CATEGORÍA INFANTIL

O gañador do VIII Concurso Quero cantar de música na categoría infantil é **Gael Ares** coa peza *Bule Bule*. Natural de Fene, Gael ten 11 anos e dende cativo os seus xoguetes preferidos foron os instrumentos musicais.

BULE BULE

Gael ten especial devoción pola música tradicional galega, coa que na actualidade experimenta fusionándoa coa música electrónica, como é o caso de *Bule Bule*, a peza que gañou o concurso. O seu artista preferido era Davide Salvado, a quen coñeceu nun obradoiro con só catro anos. Davide permitiulle acompañalo no escenario en varias ocasións. Con oito anos comeza a estudar música no Conservatorio de Ferrol, contando finalizar neste curso o grao elemental de contrabaixo. Tamén toca toda a percusión tradicional, ademais da gaita, desde os 5 anos, asistindo a clase con Dani Bellón.

FENEC
A CORUÑA

Gael Ares



**VIII CONCURSO
QUERO CANTAR DE MÚSICA
INFANTIL E XUVENIL**
CATEGORÍA XUVENIL

As gañadoras do VIII Concurso Quero cantar de música na categoría xuvenil son **Emma & Candela**, coa peza *Preto de ti*. Emma Pérez e Candela Caamaño, alumnas da Escola Municipal de Música de Ames, compuxeron a súa propia canción dentro das clases colectivas de Escribe as túas propias cancións.

PRETO DE TI

Desde o primeiro momento, amosaron unha gran paixón pola música e unha motivación excepcional para crear algo propio. Ao longo do proceso, exploraron ideas, experimentaron con letras e melodías e conseguiron plasmar as súas emocións nunha canción orixinal. A súa creatividade e implicación foron fundamentais para dar forma a unha peza que reflicte a súa visión artística e evolución musical. Este proxecto permitiulles non só expresarse a través da composición, senón tamén reforzar a súa confianza e ilusión pola música.

AMES
A CORUNA

**EMMA
PÉREZ**

**CANDELA
CAAMAÑO**

**A PRÓXIMA
OBRA PREMIADA
PODE SER A TÚA**

Deputación
DA CORUÑA

Os Certames DACCULTURA recoñecen cada ano a excelencia na creación artística e cultural da provincia, coa convicción de que *a cultura é un dereito* e de que o talento merece apoio e visibilidade.

Se desenvolves o teu traballo nos ámbitos da literatura, as artes visuais, a música, o audiovisual, o deseño ou calquera outra disciplina creativa, consulta as bases e presenta a túa candidatura. As convocatorias publícanse na web e nas redes sociais da Deputación da Coruña e do Servizo de Cultura, así como no Boletín Oficial da Provincia da Coruña (BOP).

 www.dacoruna.gal/cultura





 @DACCultura

 Culturadeputaciondacoruna5637



CERTAMES DA CULTURA 2025

Impulsar a creación artística en eidos como a literatura, a artesanía, o cinema, a música, a banda deseñada ou a fotografía é o obxectivo das convocatorias anuais dos Premios da Cultura da Deputación da Coruña.

Neste catálogo recolleemos a historia dos galardóns e os nomes propios que representan o talento, a creación e as traxectorias culturais premiadas na última edición.



Deputación
DA CORUÑA